



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERVO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS "COLETIÑAS DE CERVO" CON NIF G27479708.

Cervo a 21 de maio de 2019

De unha parte, Irene García Abad con DNI 77596934 V, en calidade de presidenta da asociación protectora de animais "Coletañas de Cervo".

De outra parte, Alfonso Villares Bermúdez, en calidade de alcalde do concello de Cervo, que actúa en nome e representación do mesmo en virtude das competencias recoñecidas polo artigo 21 da Lei reguladora de bases de réxime local.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o concello de Cervo, en exercicio das súas competencias recollidas nos artigos 25 e 28 da Lei reguladora das bases de réxime local, está interesado en promover e colaborar coa realización das actividades da dita asociación.

SEGUNDO: Que a asociación protectora de animais "Coletañas de Cervo", solicitou do concello unha axuda económica para sufragar os gastos derivados do seu funcionamento.

En base ó anteriormente exposto, o concello de Cervo e a asociación protectora de animais "Coletañas de Cervo" asinan o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLAUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración económica entre o concello de Cervo e a asociación protectora de animais "Coletañas de Cervo" para sufragar os gastos derivados do seu funcionamento.

Segunda.- O concello de Cervo aportará, en concepto de subvención nominativa, a cantidade de 7.000 € con cargo á partida 170.48810 á asociación protectora de animais "Coletañas de Cervo".

Terceira.- A asociación protectora de animais "Coletañas de Cervo", comprométese a xustificar os gastos subvencionados mediante as correspondentes facturas



Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

orixinais ou copias compulsadas ata un importe do total do subvencionado no prazo máximo de 3 meses dende a notificación da concesión da subvención, así como a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar, no seu caso o órgano competente, e comunicar ó concello a concesión de outras axudas que financien as actividades subvencionadas

Cuarta.- O pagamento da subvención realizarase previa xustificación dos gastos de acordo co establecido na cláusula terceira.

Quinta.- Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo
- A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos previstos no presente convenio
- A falta de xustificación da subvención concedida.

En proba de conformidade cos termos do convenio ámbalas partes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.



O alcalde

Alfonso Villares Bermúdez

A presidenta da asociación protectora de
Animais "Coletiñas de Cervo"

Irene García Abad